


Fala Londres 2

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



Cantareiras

Entre as distintas cancións que aprendemos ao longo do primeiro trimestre, a que sen lugar a dúbidas tivo maior éxito, ata converterse case nun himno, é A Rianxeira, canción composta en 1950 para recibir a Castelao en Argentina e que adoita cantar en distintas celebracións galegas.

Among the different songs we learned during the first term, the one that without doubt was the most successful, until nearly turning into a anthem, is A Rianxeira, a song composed in 1950 to receive Castelao in Argentina, and which is usually sung in different Galician celebrations.


Entroido 2022

Nestas datas tan especiais celebramos o Entroido, unha festa de longa tradición popular en Galicia. O alumnado máis novo de galego viu un video interactivo e estivo traballando sobre os peliqueiros de Laza, as pantallas de Xinzo de Limia, os boteiros de Viana de Bolo e os xenerais do Val do Ulla. Finalmente, participou no concurso do peliqueiro Cañada.

On these special dates, we celebrate the Carnival, a festival with a long popular tradition in Galicia. The newest Galician students watched an interactive video and were working on the peliqueiros of Laza, the screens of Xinzo de Limia, the boatmen of Viana de Bolo and the generals of the Val do Ulla. Finally, they took part in the Cañada peliqueiro competition.




Son Música




Este trimestre, fixemos cada un tres pósters de tres cancións que nos gustaban. Para facelos, pegamos a foto do álbum da canción e escribimos un texto curto con información sobre ela. Logo, introducimos unha parte de letra da canción en inglés e en galego. Despois decorámoslos con algunhas fotos. Por último, puxemos un código QR do video coas letras da canción. Este proxecto fixémoslo para compartir música en inglés e en galego cun instituto de Pontevedra.

During the first term, we each made three posters of three songs that we liked. To do this, we placed the photo from the album of the song and wrote a short text with information about it. Then, we translated some of the lyrics of the song in English and Galician. Then we decorated them with some photos. Finally, we put a QR code of the video with the lyrics of the song. We did this project to share music in English and Galician with an institute in Pontevedra.



Visita cole xaponés




Hoxe todos fixemos novos amigos/as. Todos axudamos e recibimos cunha grande aperta o alumnado do colexio xaponés e ofrecémoslles diversas actividades de presentación da lingua e cultura galegas. Non podía faltar a canción Terra das Tanxugueiras que foi seguida con grande expectación.

Today we all made new friends. We all helped and welcomed the students of the Japanese school with a big hug and we offered them various activities to show the Galician language and culture. The song Terra das Tanxugueiras could not be forgotten, which was followed with great anticipation.

A Candeloria

Esta festa ten a súa orixe nos cultos pagáns da fertilidade e dos ciclos da natureza. Nesta celebración, realizábase unha procesión con candeas acendidas de noite. O nome da Candeloria está orixinado pola cristianización desta festa polo papa, no ano 492. Baixo este lema fixemos unha exposición de postais sobre "o casamento dos paxariños".

This feast has its origins in the pagan cults of fertility and the cycles of nature. In this celebration, a procession was held with candles lit at night. The Candlemas name originates from the Christianization of this holiday by the pope in 492. Under this motto we made an exhibition of postcards about "the wedding of the little birds"




Día da lingua materna



O Día Internacional da Lingua Materna celébrase anualmente o 21 de febreiro co obxectivo de promover o plurilingüismo e a diversidade cultural. Como adianto, participamos na exposición multilingüe que se expuxo no panel da biblioteca. Este ano será o primeiro que se celebre esta efeméride no noso centro e para iso vanse deseñar unha serie de actividades para incluír dentro do Día do Libro.


International Mother Language Day is celebrated annually on February 21 with the aim of promoting multilingualism and cultural diversity. As a preview, we participated in the multilingual exhibition that was displayed on the library panel. This year will be the first to celebrate this anniversary in our school and for this a series of activities will be designed to be included in Book Day.



Día de Rosalía

O 23 de febreiro, celebramos o Día de Rosalía de Castro. Nesta ocasión, fixemos un video de presentación da súa vida e unha compañeira interpretou, en directo, e despois fixemos a gravación do poema Tecín soia a miña tea, cos acordes da Banda da Loba.

On February 23, we celebrate Rosalía de Castro Day. On this occasion, we made a video presenting her life, and a student performed live and then we did the recording of the poem Tecín soia a miña tea, with the chords of the Banda da Loba.



Xesús Fraga

O 29 de marzo, gozamos da visita de Xesús Fraga, Premio Nacional de Narrativa 2021. Alén das actividades programadas para o alumnado, ás 16.00 h, o autor ofreceu un encontro literario, aberto ao público, co título "Virtudes e misterios das vidas emigrantes". Tamén se inaugurou a exposición fotográfica "Vidas de ida e volta"

On March 29, we enjoyed the visit of Xesús Fraga, winner of the 2021 National Narrative Award. In addition to the activities scheduled for the students, after 4:00 p.m., the author offered a literary meeting, open to the public, with the title "Virtues and mysteries of emigrant lives". The photographic exhibition "Lives Back and Forth" was also inaugurated.



O Gran Camiño

Documental narrado en primeira persoa por Alba e Raúl, dous cineastas que deciden emprender unha aventura de miles de quilómetros polas grandes rutas a pé do mundo. O Pacific Crest Trail, un dos sendeiros máis extremos dos EEUU, o misterioso Camiño Inca a Machu Picchu, a ancestral ruta do Kumano Kodo entre grandes templos xaponeses, ou o Camiño de Santiago.

Documentary narrated in first person by Alba and Raúl, two filmmakers who decide to embark on an adventure of thousands of kilometres along the great routes of the world. The Pacific Crest Trail, one of the most extreme trails in the United States, the mysterious Inca Trail to Machu Picchu, the ancestral route of the Kumano Kodo among great Japanese temples, or the Camino de Santiago.

